



Bo día:

A Axencia Estatal de Meteoroloxía e MeteoGalicia alertan dun fenómeno meteorolóxico adverso que chegará a nivel vermello por Mar combinada do W o NW de 8 a 9 m. e vento do W forza 8, que comezará as 9:00 horas do venres día 1.2.2019 e prolongarase ata as 20:00 horas do mesmo día. Este adverso afectará ás zonas de predición meteorolóxica do oeste e suroeste da provincia da Coruña e á provincia de Pontevedra. O risco será importante, nivel laranxa, por vento, neve e costeiros, na provincia de Lugo e por neve na Montaña de Ourense

Ante a devandita situación de risco, a SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE recomenda o seguinte:

1. A SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO EXTERIOR nas zonas de predición meteorolóxica afectadas.
2. A Secretaría Xeral para o Deporte comunicará esta incidencia ás Federacións Deportivas Galegas, solicitando que leven a cabo esta medida e fagan un seguimento dos partes meteorolóxicos durante a xornada na que se desenvolverá este adverso.
3. Para o caso de que as circunstancias da localidade onde se atopan as instalacións deportivas, supuxesen un risco superior ao declarado e pasase a unha declaración de nivel superior, as federacións e entidades deportivas poderán adoptar as decisións oportunas respecto da suspensión das actividades deportivas.

Un Saúdo

